



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS

Benito Cabal, s." 47 - 47

Teléfono 86 60 26 - Fax 86 23 27

36071 PONTEVEDRA

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte RESOLUCION:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique.

VICEPRESIDENTE

D. José Juan Barreiro Prado.

VOCALIS

D. Fernando Sáenz de Miera y Cuesta.

D. Luís M^a Muíños Vidueira.

D. Serafín Quinteiro Blanco.

VOCALIS REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES

AFECTADAS.

FAILDE, A GRANXA e CASARDIXO. SALTO.

RODEIRO.

D. José Manuel González Varela.

SECRETARIA

Dona María José Echevarría Moreno.

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintecatro de marzo de mil novecentos noventa e dous, coa asistencia dos señores ó marxe reseñados reúnese o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes " SEPTIMA " e " CHAOS ", sitios nos lugares de Failde, A Granxa e Casardixo, parroquia de Salto, concello de Rodeiro.

ANTECEDENTES DE FEITO.

PRIMEIRO.- Na data 18 de febreiro de 1.989 no lugar de Failde, da parroquia de San Esteban de Salto de Agüela, do concello de Rodeiro, constituíuse unha Xunta Xestora co fin de xestionalo mantemento, vixilancia e demais regulamentacións legais dos montes existentes nas devanditas parroquias. Daquela nomeouse presidente a D. José Manuel García García, secretario a D. José Manuel González Varela e vocais a D. Jesús Sa Lamazares e D. Jesús García Otero.

SEGUNDO.- Catro días máis tarde acordan presentar solicitude perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, en procura da clasificación como tal dos coñecidos pola denominación de " SEPTIMA " e " CHAOS ", sitios nos lugares de Failde, A Granxa e Casardixo da parroquia de Salto, do concello de Rodeiro.



TERCEIRO.- Trala recepción de dito escrito recaeu contestación do Presidente do Xurado polo que se lle comunicaba ó Presidente da Xunta Xestora Sr. García García, que para poder acceder a súa solicitude precisábase a aportación dun croquis de situación e datos de identificación dos dous montes, así como informe acerca do seu aproveitamento.

CUARTO.- Na reunión que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común celebrou o 17 de abril de 1.989, éste acordou desestimala devandita solicitude de clasificación e, proceder ó arquivo da mesma, de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei de Montes Veciñais en Man Común e 71 da Lei de Procedemento Administrativo, sen perxuízo de que, se por parte da comunidade interesada se dera adecuado cumprimento do requerido no seu día se puidese retomar de novo o seu estudio. O referido acordo do Xurado foille notificado a D. José Manuel García García, na representación que ostentaba, o 10 de maio de 1.989, se ben, días antes (o 5 do mesmo mes) presentárase por un dos vocais da Xunta Xestora escrito polo que se aportaba nova documentación co propósito de engadila ó meritado expediente.

QUINTO.- Este Xurado na reunión celebrada o 22 de xuño de 1.989 acordou a incoación do expediente de clasificación, asemade que remitíase a documentación toda ó Servicio de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Agricultura en Pontevedra para o seu estudio e informe.



SEXTO.- Unha vez que do anterior tomaron coñecemento os veciños do lugar de Mamoelas, da parroquia de Az, do concello de Rodeiro, D. José González Vázquez, D. Daniel González Vázquez, Dona Hortensia Diéguez Vázquez, Dona Aurea Vázquez Otero e D. José Mª Vázquez Pardo, presentaron escrito no que referían que os montes estaban sitos no lugar de Mamoelas, que non dos de Faílde, A Granxa e Casardixo e, que aqueles eran da súa propiedade particular, que non en man común.

SEPTIMO.- Emitiu informe un dos enxeñeiros adscritos ó Servicio de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Agricultura do tenor literal que obra no expediente.

OCTAVO.- Do Rexistrador do Distrito Hipotecario de Lalín solicitouse, ó abeiro do disposto nos artigos 11 da Lei 13/1.989 de 10 de outubro e, 10 da Lei 55/1.980 de 11 de novembro, respectivamente, a correspondente certificación e anotación preventiva, co resultado que obra no expediente.

NOVENO.- Ó abeiro tamén de idénticos preceptos legais notificóuselle tanto ó solicitante D. José Manuel García García como ó Alcalde-Presidente do concello de Rodeiro, e D. José González Vázquez que tiñan dous meses para examinalo expediente e alegar o que estimasen convinte ós seus intereses, asemade que tal trámite se participaba a todos aqueles descoñecidos interesados a través do exemplar nº 178 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O devandito trámite foi aproveitado por D. José González Vázquez para interesalo sobresemento do expediente polas razóns que no seu escrito explicitaba, e por D. José Manuel García García, D. José Manuel González Varela, D. Jesús Sa Lamazares e D. Rogelio García Mariño, estes para amosala súa, conformidade co informe emitido polo Servicio de Montes e Industrias Forestais en canto, sobre todo, á superficie e lindeiros que naquel se recollían e que notificaban en parte, os da súa solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

PRIMEIRO.- Son montes veciñais en man común os que con independencia do seu orixen, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en rexime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros daquelas na súa condición de veciños (artigo 1 da Lei 13/1.989, de 10 de outubro e, en semellantes termos o artigo 1 da Lei 11 de novembro de 1.980, número 55/80).



SEGUNDO.- Xurisprudencialmente tense sinalado que para que un monte poda ser declarado como veciñal en man común precísase da concorrencia dos seguintes requisitos: a) O aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade e con carácter exclusivo, polos veciños agrupados en parroquias, aldeas, lugares accesorios, barrios e outros semellantes non constituídos formalmete en entidades municipais; e, b) Que, aínda cando existan actos formais de inclusión no inventario de bens ou rexistro público con asignación doutra titularidade, non fosen acompañadas dun cabeo real e efectivo na posesión a prol dos que nos mesmos figuren como titulares durante o tempo necesario para alcanzar o dominio por prescripción.

TERCEIRO.- Da documental que compón o expediente e da ollada in situ deste relator cómpre suñar que tanto as esixencias legais como as xurisprudenciais no presente caso de abondo se teñen cumprido.

Por unha banda, segundo a reiterada documental obrante no expediente, os montes " SEPTIMA " e " CHAOS " atópanse dentro dos lugares de Faiñde, A Granxa e Casardixo, da parroquia de San Estebo de Agüela, e no da de Az como sostiñan os contradictores dos solicitantes. Neste sentido e, a maior abastanza dos croquis xuntados ó expediente co escrito ampliatorio da solicitude inicial e do informe do enxeñeiro do Servicio de Montes e Industrias Forestais, repárese en que a única vez que o concello de Rodeiro se interesou polo tema, foi para expresalo seu alcalde que, segundo datos obrantes nas dependencias municipais os devanditos montes atopábanse situados na parroquia de Salto, que non da de Az.

Por outra banda, e malia referir D. José González Vázquez e outros que devanditos montes lonxe de poder ser considerados comunais, eran da súa propiedade, a título individual, non fixeron aportación de elemento probatorio ou indiciario alomenos de tal aserto, limitándose a verquer tal afirmación orfa, xa que logo, de todo soporte fáctico.

Deste xeito, cómpre concluir que os montes " SEPTIMA " e " CHAOS ", do lugar de Faiñde, A Granxa e Casardixo, da parroquia de Salto do concello de Rodeiro, consuetudinariamente veñen aproveitados en réxime de comunidade polos veciños daqueles lugares e, aqueles non figuran no rexistro público asignados a titularidade algunha, polo que, é mester acceder ó solicitado. Nostante, derivándose do informe do enxeñeiro adscrito ó Servicio de Montes e Industrias Forestais trocos en canto ós lindeiros o cabidas de ámbolos dous montes, tamén cómpre acolleren estes novos datos e, máxime se como é o caso, os propios solicitantes, expresamente fixeron seu o devandito informe cos cambios que este introducía respecto da súa orixinal pretensión.

Vistos os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, este Xurado acorda a clasificación como veciñais en man común dos montes " SEPTIMA " e " CHAOS ", coa descripción, cabida e lindeiros que a continuación se indican asignándose a súa propiedade á comunidade de veciños dos lugares de Faiñde, A Granxa e Casardixo, da parroquia de Salto, concello de Rodeiro.

Nome do monte: MONTE SEPTIMA.

Límites:

Monte.- De Pena da Ferradura a Pena da Cruz, lindando cos herdeiros de Daniel



Pardo Vázquez, veciño de Casardixo.

Oeste.- De Pena da Cruz a Coto, lindando con comunal de S. Cristobo de Haz e de Coto a camiño comunal co mesmo linde.

Sur.- Muro da finca de Auria Vázquez Otero (Mamoelas de Haz).

Leste.- Muro de pedra de herdeiros de Bautista Diéguez (Mamoelas) e línea recta de esquina de muro ata Pedra da Ferradura, lindando con propiedades particulares (Carmen Vázquez, Rudesinda Sánchez, Isaura Diéguez e outros).

CABIDA: 17 Hás. aprox.

NOME DO MONTE: MONTE CHAOS.

CABIDA: 3,25 Hás aprox.

LIMITES:


Norte.- Pequeno talud e propiedades particulares de veciños de Mamoelas, muro e propiedades particulares (Bautista Diéguez, Daniel Vázquez, Hortensia Diéguez, herdeiros de Gumersindo Vázquez e José Vázquez).

Leste.- Muro de pedra dende " Marco dos Chaos " a " Chousa da Presa ", lindando con Rogelio García.

Sur.- Muro que separa da propiedade de Daniel Cuiñago.

Oeste.- Muro de pedra lindando con varios propietarios de Mamoelas.

Notifíquese a presente Resolución os posibles interesados.



P. Edreira

